

BASES XERAIS DE ADMISIÓN NO CURSO DE “CONFECCIÓN E MANTEMENTO DE ARTES E APARELLOS” (300H).

1.- Persoas destinatarias.

Poderán participar nesta acción formativa as persoas empadroadas nalgún dos concellos da área de influencia do GALP Seo de Fisterra Ría Muros - Noia: Costa Sostible.

2.- Solicitudes.

As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude de participación, segundo o modelo que acompaña como ANEXO I a estas bases, nalgún dos seguintes lugares:

- Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son. (Casa do Concello – 2º andar).
- GALP Seo de Fisterra Ría Muros - Noia: Costa Sostible. (Edificio Multiusos Rúa Espírito Santo, 4 Noia).

3.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 2 de marzo de 2020 e finalizará o 6 de marzo de 2020 ás 14.00h.

No caso de non cubrirose as prazas poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

4.- Documentación.

Xunto coa solicitude, as persoas participantes deberán entregar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou NIE.
- Volante de empadramento nalgún dos concellos da área de influencia do GALP Seo de Fisterra Ría Muros - Noia: Costa Sostible.
- Documentación acreditativa dos méritos baremables sinalados no punto seguinte.

5.- Proceso de selección. Baremo.

A asignación das 20 prazas desta acción formativa virá determinada por orde da puntuación obtida no procedemento de selección, segundo o baremo seguinte:

- Persoa desempregada (1 punto). A condición de persoa desempregada deberá acreditarse coa copia da tarxeta de demandante de emprego actualizada ou, no seu defecto, certificado da Oficina de Emprego onde conste a condición de desempregada da persoa solicitante.
- Persoa menor de 45 anos (1 punto). A condición de persoa menor de 45 anos deberá acreditarse coa copia do DNI ou NIE en vigor.
- Formación previa no ámbito da confección e mantemento de artes e aparellos (1 punto). A formación previa neste ámbito deberá acreditarse coas copias dos certificados de dita formación. Non se valorará a formación previa cunha carga lectiva inferior a 20 horas.
- Vinculación co sector (1 punto). A vinculación co sector deberá acreditarse con calquera medio de proba fidedigno da relación da persoa solicitante co sector (experiencia laboral previa, asociacionismo no sector, vinculación familiar co sector pesqueiro, etc).
- Entrevista persoal (4 puntos). A entrevista persoal valorará a idoneidade da persoa candidata como participante no curso. A comisión de selección terá en conta, entre outros aspectos, a relación actual da persoa candidata co sector, interese na formación, expectativas laborais, dispoñibilidade para seguir o curso con regularidade, etc.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección de participantes dará lugar a exclusión automática do programa formativo.

Rematada a fase de entrevistas e valorados os méritos aportados por cada unha das persoas solicitantes, a comisión de selección fará pública a lista das puntuacións obtidas, acadando unha praza no curso as vinte persoas con maior puntuación. As persoas que non obteñan praza no curso segundo esta prelación de puntuacións, pasarán a formar parte dunha lista de persoas en reserva. O posto en dita lista virá determinado pola puntuación obtida por aplicación do baremo establecido no punto anterior.

No caso de producirse empate nas puntuacións finais, a comisión de selección atenderá á puntuación obtida na fase de entrevista para determinar a orde na lista.

A comisión de selección queda facultada como órgano competente para resolver calquera incidencia respecto da aplicación das presentes bases. A presentación da solicitude participación supón a aceptación das mesmas por parte da persoa participante.

6.- Réxime de asistencia.

A expedición dos diplomas supéditase á acreditación dunha asistencia mínima do 90% das horas de formación, ademais da valoración global realizada polo persoal docente.

A estes efectos, as persoas participantes deberán asinar, á hora de entrada e á hora de saída, na folla de asistencia diaria. As faltas de asistencia, aínda xustificadas, computarán a efectos da porcentaxe de asistencia final.

As persoas admitidas que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deberán comunicalo de inmediato ás entidades promotoras do curso, ca fin de que poida participar no mesmo algunha das persoas en reserva.

7.- Programa formativo.

Os contidos do curso adáptanse ao establecido no Real Decreto 1376/2009, para o certificado de profesionalidade de Confección e Mantemento de Artes e Aparellos:

1. Clasificación e confección de artes e aparellos de pesca.

- Xeneralidades das diferentes artes e aparellos de pesca
- Denominación e enumeración das diferentes partes dos mesmos
- División das artes:
 - Cerco
 - Arrastre
 - Artes menores
 - Características de cada unha das artes. Confección.
- División dos aparellos:
 - Palangre de fondo

- De media auga
- De superficie
- Aparellos menores.
- Características de cada un dos aparellos. Confección.

2. Interpretación de Planos de artes e aparellos de pesca.

- Escalas: Concepto e operacións.
- Abreviacións e símbolos utilizados nos planos de artes e aparellos.
- Interpretación de planos.
- Localización das distintas partes dunha arte ou aparello.

3. Utilización de materiais para a confección de artes e aparellos de pesca.

- Utensilios necesarios para os traballos de confección e montaxe: de corte, medida, produción e axuste:
 - Utensilios de corte: tixeiras, alicates e navallas
 - Utensilios de medida: varas e metro
 - Utensilios de produción: agullas, pasadores e xiratorios
 - Utensilios de axuste: gardacabos
- Fibras e Fíos.
- Sistemas de numeración.
- Propiedades das principais fibras.
- Concepto de elasticidade e resistencia á rotura.
- Fíos máis utilizados. Nomes comerciais dos mesmos. Características. Presentación.
- Elección de fíos segundo a arte ou aparello a construír.
- Trallas ou relingas, cabos, tanzas, cables e arames:
 - Tipos, numeración e nomenclatura.
 - Características dos mesmos a ter en conta segundo a peza a construír e lugar que ocupe dentro de la mesma.
- Selección e combinación dos distintos materiais en uso para a arte ou aparello
- Medidas de seguridade básicas no uso e maneo dos diferentes materiais.

4. Elaboración de panos en las artes de pesca.

- Nós e costuras necesarios para os traballos con artes e aparellos. Vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
- Concepto de malla. Características. Dimensións das mesmas. Formas de medilas.
- Formas e malleiros.
- Reglamentación sobre mallas. Calibrador.
- Sentido de mallas e nos.
- Concepto e partes dos panos.
- Determinación da superficie dos mesmos nas distintas artes.
- Concepto de filtración nalgunhas artes. Importancia da mesma.

5. Cortes de panos nas artes de pesca.

- Elaboración dos distintos panos de redes para montar cada tipo de arte
- Posibles cortes a realizar en un pano
- Crecidos e mingados.
- Fórmulas para realizalos.
- Aplicación das táboas FAO para efectualos.
- Denominación dos lados da malla para o corte segundo o lugar que ocupe no borde do pano
- Cortes particulares:
Segundo o tipo de arte
Segundo o lugar que ocupe a peza dentro da arte

6. Elaboración dos distintos elementos que conforman o palangre.

- Nós, costuras e empates necesarios para os traballos con palangre
- Preparación da «nai» atendendo ao tipo de aparello.
- Conceptos de «brazadas ou pernadas»: Dimensión e distancia entre elas segundo a especie a capturar.
- Anzois:
Coñecementos básicos sobre os mesmos.
Tipos de anzois.
Formas de unión do anzol coas «brazadas ou pernadas» e de estas coa «nai».

7. Armado e montaxe de artes de pesca.

- Cálculo para determinar a lonxitude das relingas.
- Coeficientes vertical e horizontal da malla.
- Lonxitude de rede pano estirado. Lonxitude de rede armada.
- Coeficiente de colgadura. «Embando» / «bolso».
- Altura rede pano estirado. Altura efectiva.
- Coeficiente de armadura.
- Aplicación práctica dos cálculos
- Montaxe de artes de pesca:
 - Pegada de panos.
 - Pegada de pezas de mallaxe diferente.
 - Tipos de tiras de reforzo segundo a arte. Reforzos de mallas dobres.
 - Nós e costuras necesarios para o armado con artes
 - Elaboración de trallas ou relingas, costadillos, trencillas, corta avarías
 - Montaxe dos distintos panos sobre as relingas, costadillos e trencillas nas artes atendendo ás singularidades de cada un.
 - Fixación de flotacións, lastres, boias e burlóns nas diferentes artes atendendo a planos ou aos usos e costumes.
 - Cabos de flotación e fondeo, pes de galo, rabizas e demais elementos complementarios atendendo ao tipo de artes. Montaxe dos mesmos.

8. Armado de Aparellos de pesca.

- Nós, costuras e empates utilizados na montaxe do palangre
- Armado dos distintos palangres e outros aparellos: medidas dos palangres
- Flotacións e pesos.
- Conceptos dos diferentes tipos de boias, flotacións e pesos que forman o equipo de pesca dos diferentes palangres.

9. Prevención de riscos relacionados co armado e montaxe de artes e aparellos.

- Posturas adecuadas para a realización das actividades
- Riscos derivados das malas posturas de traballo
- Nivel de exposición do traballador segundo as condicións climatolóxicas

- Equipos de protección individual. Roupa de protección. Protección das mans.
- Primeiros auxilios e situacións de emerxencia

8. Lugar de Realización e Horario

O curso impartirase no Concello de Porto do Son , en horarios de tarde **preferentemente** de 16:00h a 21:00h, iniciándose na segunda quincena de marzo e rematando na segunda quincena de xuño.

9.- Comisión de selección.

A comisión de selección do alumnado participante estará composta por:

- Un/unha representante do GALP.
- Un/unha representante da Confraría de Pescadores de Porto do Son.
- Un/unha representante da Confraría de Pescadores de Portosin.
- Un/unha representante do Concello de Porto do Son.

10.- Protección de datos de carácter persoal.

En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como das normas que a desenvolven, infórmase ás persoas participantes que os seus datos persoais de carácter non confidencial serán utilizados unicamente a efectos de xestión do curso. Do mesmo xeito, infórmase que as entidades promotoras poderán tomar imaxes durante o curso para uso propio ou difusión do mesmo.

11.- Financiamento.

Esta acción formativa está financiada ao abeiro do convenio de colaboración entre o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia Costa Sostible e a Consellería do Mar para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa no marco do desenvolvemento sostible das zonas de pesca do FEMP 2014-2020, de data do 23 de Febreiro de 2016

Asdo: D, Daniel Formoso Moledo

Presidente Galp Costa Sostible

ANEXO I

FICHA DE INSCRIPCIÓN

CURSO DE CONFECCIÓN E MANTEMENTO DE ARTES E APARELLOS

NOME E APELIDOS:	
DNI/NIE:	
ENDEREZO: (Indicar rúa, número, piso, porta, Concello e código postal).	
TELÉFONO/S:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
SITUACIÓN LABORAL	
FORMACIÓN	
VINCULACIÓN CO SECTOR PESQUEIRO	

Porto do Son, de marzo de 2020.

Asdo.